



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e nove de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de febreiro de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión (non asistiu dona María Dolores Blanca García Fernández), aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Presidencia da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 34, do 19 de febreiro de 2016).

- Resolución do 16 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral do Catastro, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se determinan municipios e período de aplicación do procedemento de regularización catastral. Figura na alínea Xerencia Rexional de Galicia-A Coruña o Concello de Cambre. (Boletín Oficial do Estado número 45, do 22 de febreiro de 2016).

- Orde do 11 de febreiro de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social, e se convocan para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 37, do 24 de febreiro de 2016).

- Anuncio de contratación mediante procedemento aberto e cun único criterio de valoración das obras incluídas no Plan de Conservación de Vías Provinciais 2016 primeira fase, da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña. Figura no grupo 10: Cambre e Carral, cun presuposto de 432.015,28 euros e prazo de execución 5 meses.

- Resolución do 15 de febreiro de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015, e se procede á súa convocatoria. Figura o Concello de Cambre con 75 puntos e 3.000 euros concedido. (Diario Oficial de Galicia número 38, do 25 de febreiro de 2016).

- Resolución do 17 de febreiro de 2016, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 39, do 26 de febreiro de 2016).

- Resolución do 19 de febreiro de 2016, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 40, do 29 de febreiro de 2016).

**3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 19 ao 25 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 254/2016 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente número 310/2016, segundo se relaciona a seguir:

| Nº Decreto | Data sinatura | Asunto  |
|------------|---------------|---|
| 254/2016   | 19/02/2016    | Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 24 de febreiro de 2016   |
| 255/2016   | 19/02/2016    | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MDBA |
| 256/2016   | 19/02/2016    | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MTLF |
| 257/2016   | 19/02/2016    | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CMP  |
| 258/2016   | 19/02/2016    | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJPC |

|          |            |   |
|----------|------------|---|
| 259/2016 | 19/02/2016 | Convocatoria Xunta Goberno Local do día 22 de febreiro de 2016  |
| 260/2016 | 19/02/2016 | Procedemento abreviado. infracción tributaria por incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións (art192 lxt). p. sancionador: procedemento de inspección pi 3/2015   |
| 261/2016 | 19/02/2016 | Expedientes sancionadores de tráfico: dii (p3442)   |
| 262/2016 | 19/02/2016 | Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014: Bribes e Mercuin (Anceis)  |
| 263/2016 | 19/02/2016 | Expediente de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2015 núm. 1/2016. Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2015 número 1/2016 por un importe total de 85.673,92 euros  |
| 264/2016 | 19/02/2016 | Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial do Concello de Cambre presentada por dona MC F C na que solicita indemnización polos danos sufridos polo seu fillo a consecuencia dunha caída no parque infantil do paseo marítimo de O Temple, o día 18 de agosto de 2014.   |
| 265/2016 | 19/02/2016 | Aprobación das solicitudes de prórroga de autorización de venda ambulante no Campo da Feira para o 2016, cambio de tipoloxía e oferta de postos vacantes  |
| 266/2016 | 19/02/2016 | Expedientes sancionadores de tráfico: dim (p3449)   |
| 267/2016 | 19/02/2016 | Aprobar o proxecto "Renovación do emisario de rede de saneamento do Polígono Industrial do Espírito Santo, tramo a Marisqueira e tramo Muiño Vello, Cambre" cun orzamento total de 189.911,27 €. Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 120.000,00 € conforme ao disposto na Orde do 28 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria              |
| 268/2016 | 19/02/2016 | Convocatoria Mesa Local de Comercio   |
| 269/2016 | 19/02/2016 | Expediente de declaración de ruína 2015/I002/000025. Desestimar parcialmente as alegacións presentadas por DAP en representación da comunidade hereditaria Amil Amil por canto que non se constatou que na edificación situada en Canal, Cecebre, concorra un suposto de ruína inminente, tal e como resulta dos informes técnicos obrantes no expediente. Declarar na situación de ruína a |
| 270/2016 | 22/02/2016 | Aprobar a realización do Programa "Obradoiros de Semana Santa 2016" para o alumnado do segundo ciclo de educación Infantil, toda Educación Primaria e 1º da ESO en período de vacacións escolares de Semana Santa, os días 21,22,23 e 28 de marzo de 2016. Autorizar un gasto de 1.319,65 euros   |
| 271/2016 | 22/02/2016 | Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas   |

|          |            |  |
|----------|------------|--|
|          |            | (CO SL e máis), por importe total de 82.512,86 euros   |
| 272/2016 | 22/02/2016 | Aprobar facturas e recoñecer obrigas con reparos da Intervención (R2 SL. e máis) por importe total de 113.101,30 euros   |
| 273/2016 | 22/02/2016 | Aprobar a xustificación e proposta de pagamento da subvención municipal a A. C. CORO PARROQUIAL DE SIGRAS para Actividades Culturais 2014, tras requerimento, con reparos  |
| 274/2016 | 22/02/2016 | Expediente de disciplina urbanística 07/39/09. Desestimar a solicitude de declaración de caducidade realizada por don APM derrubamento chabola   |
| 275/2016 | 22/02/2016 | Expediente de información previa por obras realizadas en Travesía da Igrexa, O Temple  |
| 276/2016 | 23/02/2016 | Expedientes sancionadores de tráfico: dim (p 3450)   |
| 277/2016 | 23/02/2016 | Licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Aián, Sigrás.   |
| 278/2016 | 23/02/2016 | Corrección de erros da resolución 719/2015, de 28 de abril, da concelleira delegada da área de urbanismo e medio ambiente  |
| 279/2016 | 23/02/2016 | Conceder a axuda tratamento oftalmolóxico por importe de 390 euros. Solicitante: AMFV  |
| 280/2016 | 23/02/2016 | Conceder a axuda dous recibos de aluguer a C.G.R. por importe de 280 euros cada un e importe total de 560 euros  |
| 281/2016 | 23/02/2016 | Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: MRPM  |
| 282/2016 | 23/02/2016 | Aprobar as liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2016  |
| 283/2016 | 24/02/2016 | Solicitude de subvencións, no exercicio do ano 2016, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais  |
| 284/2016 | 24/02/2016 | Conceder a axuda recibo auga por importe de 43,52 euros e recibo de gas por importe de 50,26 euros. Solicitante: JMFM  |
| 285/2016 | 24/02/2016 | Declarar a responsabilidade da empresa MFMG, S.L. nas lesións sufridas por dona CLF debido a unha caída na rúa Constitución o día 10 de setembro de 2012 como consecuencia, segundo indica, dun adoquín solto na beirarrúa   |
| 286/2016 | 24/02/2016 | Desestimar a reclamación presentada por dona MIPI na que solicita indemnización polos danos ocasionados no seu vehículo ao colisionar cunha gabia no lugar da Igrexa, parroquia de Cela, o día 18 de xuño de 2013  |
| 287/2016 | 24/02/2016 | Devolución da fianza definitiva, por importe de 1.450,00 euros, á empresa Fundación Empresa - Universidad Gallega (FEUGA), depositada para garantir a execución do contrato de servizo de "Impartición dun programa formativo da especialidade "marketing dixital", a desenvolver no Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre". |
| 288/2016 | 24/02/2016 | Devolución da fianza definitiva, por importe de 2.247,77 euros,  |

|          |            |  |
|----------|------------|--|
|          |            | á empresa Ebanistería Roal, S.L., depositada para garantir a execución da subministración denominada "Mobiliario a medida ou de fabricación para a Casa da Cultura de Cambre", incluído na actuación "Equipamentos Sociais: Casa da Cultura", do proxecto "ARUME" cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea no marco do exe 5 para proxectos de desenvolvemento sostible local e urban. |
| 289/2016 | 24/02/2016 | Devolución do depósito definitivo, por importe de 2.400,21 euros, á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", depositado para responder a execución da obra "Rehabilitación das Fontes do Toural e do Souto", obra incluída no Plan de Obras e Servizos (POS) 2011.   |
| 290/2016 | 24/02/2016 | Devolución do depósito definitivo, por importe de 6.493,83 euros, á empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L., depositada para responder a execución da obra "Renovación redes de servizos en Agra do Mero (Sigrás), Ponte do Cubo (Cecebre), Seoane (Anceis) e Outros", incluída no Plan de Obras e Servizos (POS) 2012.  |
| 291/2016 | 24/02/2016 | Devolución do depósito definitivo, por importe de 1.025,10 euros, á empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L., depositada para responder a execución da obra "Sustitución de pavimento, ampliación da zona de praia e varias medidas de protección na piscina municipal de O Balado", obra incluída no Plan de Reinversións de remanente do PAC-2, anualidade 2011.  |
| 292/2016 | 24/02/2016 | Recurso de reposición contra a liquidación de xuros de demora feita pola Axencia Tributaria de Galicia , Expte. 2016/79/000/IR-399/2015-2016/79/000/00425/ZET  |
| 293/2016 | 25/02/2016 | Uso dos locais de ensaio musical 2015-2016 IV. Solicitante: JP   |
| 294/2016 | 25/02/2016 | Aprobar escolas de actividade física e saúde correspondente ao mes de febreiro 2016 por un importe total de 3356,03 euros  |
| 295/2016 | 25/02/2016 | Desestimar a reclamación patrimonial presentada por dona ILM por danos no seu vehículo debido, segundo indica, á rotura dunha tapa do alcantarillada á altura do campo da festa de Meixigo, sen que tivese a zona sinalizada   |
| 296/2016 | 25/02/2016 | Alta no servizo de axuda no fogar. Solicitante: MTL  |
| 297/2016 | 25/02/2016 | Alta no servizo de axuda no fogar. Solicitante: FJBE   |
| 298/2016 | 25/02/2016 | Aprobar a nómina 2º prazo axudas sociais 2015 por un importe bruto de 37.386,30 euros  |
| 299/2016 | 25/02/2016 | Pagamento nómina mes de febreiro de 2016 por un importe bruto de 446.431,14 euros  |
| 300/2016 | 25/02/2016 | Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 150 euros. Solicitante: ADR   |
| 301/2016 | 25/02/2016 | Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 370 euros e lentes correctoras por importe de 145 euros. Solicitante: MJME  |

|          |            |  |
|----------|------------|--|
| 302/2016 | 25/02/2016 | Conceder a axuda recibo luz por importe de 81,48 euros e recibo de gas por importe de 66,19 euros. Solicitante: GM   |
| 303/2016 | 25/02/2016 | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: BBR   |
| 304/2016 | 25/02/2016 | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LCSS  |
| 305/2016 | 25/02/2016 | Conceder a axuda vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MTCP  |
| 306/2016 | 25/02/2016 | Denegación axuda alimentación. Solicitante: LFP  |
| 307/2016 | 25/02/2016 | Conceder o prazo de dous meses ao equipo redactor do plan xeral de ordenación municipal para a adaptación a nova Lei do solo de Galicia 2/2016.  |
| 308/2016 | 25/02/2016 | Devengo de intereses polo retraso na fixación do xustiprezo. Sentenza de 24 de outubro de 2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección terceira da Coruña. Recurso 8004/2009. Demandantes: don JRL e don MPR |
| 309/2016 | 25/02/2016 | Expediente de orde de execución 2015/1002/000045 por existencia de maleza en finca situada nos Campóns, Sigrás aos herdeiros de LSG  |
| 310/2016 | 25/02/2016 | Expediente de orde de execución 2014/1002/000194 por maleza en finca situada en Castrobó, Anceis a JPR   |

#### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

##### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Tivo lugar nesta alcaldía a comisión de valoración das subvencións a entidades sen fins de lucro.
- Recibiu aos presidentes das asociacións de veciños da Tapia, no Temple, e de Bribes, acompañado polo concelleiro Juan González Leirós, así como aos representantes das entidades "La Juventud de Cecebre" e "Sementeira", acompañado polo concelleiro Ramón Boga Moscoso e ó "Club de fútbol Brexo-Lema", acompañado coa concelleira Elisa Pestonit Barreiros.
- Visitáronno os alumnos do IES David Buján que están a facer de correspondencias informativos da Omix no seu centro, acompañados do técnico e concelleira de Xuventude. Tamén dentro deste mesma área, fixo a presentación da nova APP da Omix na Casa da Xuventude.
- Convocou no salón de plenos o día 25 ás 20:30 horas, a toda as asociacións de veciños do Concello.
- Visitouno don Gabriel Niom, do arcebispado de Santiago de Compostela, en relación coas rectorais de Bribes e Andeiro.



### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores 24, sesión de teatro de ADECO, Asoc. de Dano Cerebral. Obra de teatro no Centro Sociocultural do Graxal.
- Venres 26 de febreiro, Biblioteca xabier Docampo, Contacontos en inglés, 16 nenos mais os adultos acompañantes.
- Sábado 27, ás 12.00, no museo do Xacemento Romano. Xornada sobre gastronomía romana.
- O Moucho:

Luns 22 de febreiro: CEIP Graxal, dúas ás 10.00 h

Martes 23 de febreiro: CEIP Graxal, dúas ás 10.00 h

En total, os dous días 197 alumnos/as

Mércores 24 o xoves 25 ás 09:30, 2 sesións, 198 alumnos CEIP Porto Faro

- Sábado 27, ás 12.00 h representación teatral "A viaxe de Rosalía", Compañía Babaluva, 27 persoas. As 18.00 h , 45 persoas. Estaban retiradas 80 invitacións

### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- Visita á Illa de San Simón o xoves 25. Acoden o animador xuvenil e a concelleira de Xuventude, a modo de coñecer e valorar as instalacións onde se van a realizar os campamentos náuticos de verán. Acompañan na visita o coordinador das actividades deportivas na Illa, pertencente á Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e membros da empresa concesionaria do servizo. Moi boa valoración tanto do lugar como das instalacións.
- O mércores 24 recibíuse en Alcaldía aos correspondentes informativos do IES David Buján. Hoxe luns 29 o animador xuvenil e a informadora xuvenil manterán unha reunión de formativa/informativa con eles no propio centro.
- O sábado 27 tivo lugar na Casa da Xuventude a presentación da nova App para móbiles de Xuventude, así como a programación de actividades xuvenís para este ano. Cabe destacar que xa está disponible a App para sistemas Android e iOS, baixo o nome de descarga Omix cambre.
- Este xoves dá comezo na Casa da Xuventude o programa Eu fun polo mundo, no que mozos veciños de Cambre darán unha charla sobre as súas experiencias de ocio e laborais en países do estranxeiro. Este xoves comezamos con Aaron e Vidal, dous dos integrantes da Asociación Xuvenil Urbilar.



- Hoxe luns 29 da comezo o prazo de inscrición para a actividade de Paintball que terá lugar o sábado 12 de marzo, dentro do programa xuvenil Este finde teño plan. O prazo de inscrición remata o día 4 de marzo.

- O martes 1 de marzo terá lugar na Casa da Xuventude ás 12 o obradoiro: La ida, a cargo da fundación Paideia. Trata de información práctica sobre as convocatorias 2016 do programa Móvete por Europa.

- O domingo día 6 de marzo terá lugar no pavillón Sofía Toro a primeira ronda da fase das Mariñas de xadrez, dentro do programa Xogade, en horario de 10:00 a 13:00. Coorganizado coa Escola de Xadrez Sigrás.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 23 de febreiro realizouse a proba de selección do alumnado do curso de “Soldadura TIG” enmarcado dentro do XVI Plan Municipal de formación para o Emprego no salón de actos do Centro Municipal de Formación.

- O día 24 de febreiro;

- Ás 9:00 horas, reunión na alcaldía co presidente e o secretario da asociación de Bribes, o alcalde Oscar García Patiño, o concelleiro de urbanismo Juan Leirós e a concelleira M<sup>a</sup> Dolores Blanca para tratar dos problemas da parroquia e comunicarlle quen vai a ser a nova concelleira encargada de levar as asociacións.

- Ás 10 horas no salón de Plenos celebrouse a reunión da Mesa Local do Comercio. A mesa foi presidida pola concelleira M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, tamén asistiron don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura, Carmen Pita, como secretaria Verónica María Otero López, por parte da Xunta de Galicia Patricia, a presidenta da asociación de Sigrás, Esther acompañada de Carmen e Dolores Vázquez, e por parte da Asociación de Empresarios, Santiago Alcalde. Trátáronse os seguintes temas:

- Feira de oportunidades “Temple Stock” tivo 21 sinaturas conta con xente do Concello, da Coruña, e Culleredo. A tarifa: socios 50 euros, non socios 100 euros. A animación por conta dos voluntarios con motivo “Do día internacional da muller”.

- Feira Galaica Romana. A celebrar en xullo centrada na época Galaica Romana, situada no Castro, no Campo da Feria, e no Museo. Dárase información sobre o evento na casa Arrigada en horario de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00, onde informarán como facer a vestimenta. Os votos da mesa foron (Acordo por unanimidade).

- Ferias mensuais e aparcadoiros “En proxecto”





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Ás 14:45 consíguese presentar na plataforma telemática da Xunta a subvención de Obradoiro de Emprego para a mocidade que por problemas técnicos nela non se puido presentar antes.

Pola tarde ás 20:00 horas, no salón de plenos estando presentes os catro concelleiros do goberno, veciños e o alcalde, presentouse a todas as asociacións veciñais a concelleira que a partir de agora vai levar os temas relacionados con elas. A continuación realizouse a exposición sobre os novos proxectos e propostas que resultaron moi satisfactorios.

- O domingo día 28 de febreiro ás 11:00 realizouse a presentación da degustación da comida Galaico romana a través do concelleiro don Ramón Boga Moscoso.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta e sete minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Óscar A. García Patiño

Verónica María Otero López